

RECOMENDACIÓNS

para a eliminación das barreiras á
mobilidade transfronteiriza infanto-xuvenil

PROVEDORA / VALEDORA
DA **CIDADANÍA TRANSFRONTEIRIZA**
Eurocidade Cerveira Tomiño



Interreg
España - Portugal

Fondo Europeo de Desarrollo Regional
Fundo Europeu para o Desenvolvemento Regional



UNIÓN EUROPEA
UNÃO EUROPEIA



CERVEIRA
VILA DAS ARTES

Tomiño
CONCELLO

A Valedora Transfronteiriza Cerveira-Tomiño ten por función <<garantir a defensa e a consecución dos dereitos e intereses particulares dos residentes de Vila Nova de Cerveira e Tomiño como cidadáns europeos transfronteirizos perante os órganos e servizos municipais dos Concellos de Vila Nova de Cerveira e Tomiño>>.

A Valedoría foi creada en 2017 no marco do proxecto Axenda estratéxica de Cooperación Transfronteiriza Cerveira Tomiño cofinanciado ao 75% pola convocatoria INTERREG VA POCTEP, fondos FEDER da UE. A iniciativa enmárcase nas accións de “dinamización da axenda estratéxica” e, especificamente, nas dirixidas á promoción da participación pública transfronteiriza. Desde o 1 de xullo dese ano son as súas titulares: a galega, Zara Pousa Arbones e a portuguesa, María de Lurdes Guerreiro Pereira Cunha.

Segundo a Carta que rexe o seu funcionamento, a Valedora exerce as súas funcións mediante queixa, reclamación ou por iniciativa propia, relativamente a feitos que por calquera modo ou forma cheguen ao seu coñecemento e xustifiquen a súa intervención tendo, entre outras competencias:

- a) Recibir queixas, reclamacións e suxestións relativas ás relacións transfronteirizas entre os Concellos de Vila Nova de Cerveira e Tomiño;
- b) Emitir informes, recomendacións e suxestións no ámbito das súas competencias, enviándoos ao Comité de Xestión Estratéxica Cerveira-Tomiño.

A institución foi presentada ao público en xuño de 2017 coa presenza dos alcaldes e concelleiras de Tomiño e Cerveira e do director xeral de Relacións coa Unión Europea da Xunta de Galicia, Jesús Gamallo, comezando oficialmente a súa andaina o 1 de xullo de 2017.



Interreg
España - Portugal

Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional
Fundo Europeu para o Desenvolvemento Regional




CERVEIRA
VILA DAS ARTES

Tomiño
CONCELLO

Nos primeiros dezaioito meses de actuación, as Valedoras teñen desenvolvido unha axenda de contactos e reunións con diversas entidades sociais e unha liña de divulgación das súas funcións a través dos medios de comunicación e da organización de eventos.

O 11 de setembro de 2017 visitaron a piscina municipal de Vila Nova de Cerveira conversando con responsables e persoas usuarias e constatando como necesidade un “servizo de transporte continuado desde Tomiño”, inexistente por problemas de “autorizacións e normativa”. Desda entrevista derivouse asimesmo unha xestión positiva para o pagamento electrónico dos servizos da piscina polos usuarios galegos.

O 8 de novembro de 2017 fan unha visita às dúas “creches” do concello de Cerveira onde constatan as boas relacións que existen cos tomiñenses na partilla deste servizo, reflectidas nunha significativa taxa de utilización por bebés e crianzas oriúndos de Tomiño. As provedoras tiveron oportunidade de conversar con responsábeis das institucións, educadores, nais e pais.

Con data 13 de decembro de 2017 celebrouse en Vila Nova de Cerveira o workshop “Experiencias de democracia participativa e cooperación transfronteiriza” con asistencia, entre outras, da Valedora do Pobo de Galicia, no que tamén se abordou a experiencia dos Orzamentos Participativos Transfronteirizos.

O 7 de xuño de 2018, as Valedoras presentaban en Tomiño a súa traxectoria a unha delegación internacional participante do Seminario ESPON celebrado en Vigo, organizado pola AECT Galicia-Norte de Portugal.



Interreg
España - Portugal

Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional
Fundo Europeu para o Desenvolvemento Regional



UNIÓN EUROPEA
UNÃO EUROPEIA



CERVEIRA
VILA DAS ARTES

Tomiño
CONCELLO

Paralelamente, a nova web da Eurocidade recolle desde outubro de 2018 un apartado específico de información sobre a institución, a súa Carta constitutiva de Funcionamento e o procedemento de acceso <https://eurociudadecerveiratomiño.eu/valedoras>

No mes de maio de 2018, en colaboración co equipo técnico do proxecto Axenda de Cooperación transfronteiriza Cerveira Tomiño, decídese organizar encontros coas direccións dos centros educativos de ambos os dous municipios. Tanto na reunión mantida co director do Agrupamento escolar de Vila Nova de Cerveira (20 de xuño) como na celebrada coa directora do Instituto Antón Alonso Ríos de Tomiño (4 de xullo) constátase como un dos obstáculos máis destacados para unha fluída relación transfronteiriza o da regulamentación dos permisos a menores para a realización de intercambios escolares entre os dous estados.

Sen prexuízo doutros atrancos para a aproximación das poboacións e para a supresión das dificultades físicas e psicolóxicas que implican as fronteiras, decídese priorizar a intervención sobre a mobilidade infanto-xuvenil pola compoñente estratéxica das relacións transfronteirizas en idade escolar.

Na actualidade, a organización de desprazamentos de grupos de menores de idade sen presenza paterna require a cumprimentación dunha autorización específica perante as autoridades. No caso do Estado español, mediante un formulario asinado por ambos os dous proxenitores ante a Garda Civil e, no caso portugués, mediante autorización con sinatura validada de pai, nai ou titor ante notario, cos correspondentes custos económicos.

Estes requisitos, entendibles xenéricamente no marco de relacións entre estados soberanos que pretenden unha doada protección dos dereitos da infancia, convírtense nun incomprendible atranco burocrático para a fluidez das relacións entre poboacións escolares que comparten territorio, intereses e trazos culturais no marco dunha entidade supraestatal coma a Unión Europea



Interreg
España - Portugal

Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional
Fundo Europeu para o Desenvolvemento Regional



UNIÓN EUROPEA
UNÃO EUROPEIA



CERVEIRA
VILA DAS ARTES

Tomiño
CONCELLO

Cerveira Tomiño

E U R O C I D A D E

e, máis especificamente, en realidades sociolóxicamente afíns como a de Galicia-Norte de Portugal ou a da Eurocidade Cerveira Tomiño.



Interreg
España - Portugal

Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional
Fundo Europeu para o Desenvolvemento Regional



UNIÓN EUROPEA
UNÃO EUROPEIA



CERVEIRA
VILA DAS ARTES

Tomiño
CONCELLO

A evidencia de antecedentes históricos comúns entre Galicia e Portugal correspóndese coa vizosa relación social, económica, administrativa e comercial actual. Neste contexto, cobra aínda máis sentido a constitución de Eurociudades que, coma a que agrupa os concellos de Cerveira e Tomiño, avanza cara á aproximación de poboacións separadas polos escasos 200 metros de anchura do río Miño mediante:

- fórmulas compartidas de gobernanza e participación;
- promoción de equipamentos conxuntos;
- planificación e xestión compartida de servizos e equipamentos;
- dinamización conxunta da economía local;

A existencia destas novas entidades locais transfronteirizas facilita a procura do empoderamento cidadán, co obxectivo de construción de eurociudadanía e de “zonas francas sociais” con maior igualdade e mellor calidade de vida conforme as prioridades definidas no marco europeo.

Resulta obvio que o avance destes obxectivos require de iniciativas estratéxicas que garantan a súa consolidación a longo prazo. Entre as posibles, poucas parecen máis idóneas como as que inclúen a participación conxunta de nenos e nenas en idade escolar.

Por outra parte, nun recente estudo de opinión realizado nas poboacións de Cerveira e Tomiño constátase unha moi boa valoración da relación e a cooperación transfronteiriza, destacando entre as prioridades expresadas aqueles servizos e actividades que teñan como protagonista a infancia.

(Ver: <https://eurociudadecerveiratomiño.eu/wp-content/uploads/2018/08/enquisa-servizos.pdf>)



Interreg
España - Portugal

Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional
Fundo Europeu para o Desenvolvemento Regional




CERVEIRA
VILA DAS ARTES

Tomiño
CONCELLO

De feito, ese interese social polo achegamento entre os “futuros” protagonistas e responsables da Eurocidade ponse de manifesto en diversos ámbitos como, por exemplo:

- O intercambio de actividades artísticas entre escolares, promovido pola Escola Superior Gallaecia e as ANPAs de Tomiño, e gañador nas votacións do OPT 2018,
- As propostas de servizos e actividades conxuntas para vacacións e tempo libre presentada polas asociacións de pais e nais galegas e portuguesas á convocatoria do OPT 2019.
- O proxecto educativo compartido sobre “Sustentabilidade” impulsado por profesorado de ambas beiras na mesma convocatoria.

Perante esta realidade, a Provedora/Valedora da cidadanía transfronteiriza considera necesario impulsar o presente Informe de Recomendacións para a busca de solucións á obriga, e por veces economicamente gravosa, necesidade de cumprimentación de autorizacións específicas por parte dos proxenitores para a saída ao estranxeiro de menores, con vistas a reducir as limitacións que este requisito provoca nas relacións infanto-xuvenís en contextos de relación transfronteiriza



Interreg
España - Portugal

Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional
Fundo Europeu para o Desenvolvemento Regional




CERVEIRA
VILA DAS ARTES

Tomiño
CONCELLO

RECOMENDACIÓNS

- 1) Estudar medidas excepcionais que adapten os requisitos de autorización sobre mobilidade transfronteiriza de menores ás novas realidades sociais e administrativas de nivel local no marco da Unión Europea.
- 2) Valorar, neste sentido, a “flexibilidade da liña fronteiriza”, considerando as eurociudades “zonas francas administrativas” a determinados efectos de interese social para os seus habitantes.
- 3) Promover, en calquera caso, experiencias piloto que permitan avaliar o avance do exercicio efectivo de dereitos sociais e a construción de identidades compartidas europeas, especialmente entre a infancia e a adolescencia.



Interreg
España - Portugal

Fondo Europeo de Desarrollo Regional
Fundo Europeu para o Desenvolvemento Regional




CERVEIRA
VILA DAS ARTES

Tomiño
CONCELLO

DESTINATARIOS

Recoméndase a remisión e presentación do presente informe perante as seguintes entidades e institucións:

- Ministério dos Negócios Estrangeiros da República portuguesa
- Ministerio de Asuntos Exteriores e Cooperación do Reino de España
- Ministério de Administração Interna da República portuguesa
- Ministerio do Interior do Reino de España
- Ministério da Educação da República portuguesa
- Secretaria de Estado da Valorização do Interior
- Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia
- Provedor de Justiça de Portugal
- Valedora do Pobo de Galicia
- Grupos parlamentarios do Parlamento europeo
- Eurodeputados galegos e portugueses
- Comité das Rexións
- LVIT Solutions to problems with your EU rights http://ec.europa.eu/solvit/index_en.htm
- AECT Galiza Norte de Portugal
- AECT Río Minho
- Eurocidades galego e hispano-portuguesas

Eurocidade Cerveira-Tomiño, 14 de decembro de 2018



Interreg
España - Portugal

Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional
Fundo Europeu para o Desenvolvemento Regional




CERVEIRA
VILA DAS ARTES

Tomiño
CONCELLO